

PUBLICIDADE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 3º E 4º DE ESO.

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

APARTADOS	NOTAS	
PROBAS ESCRITAS	De 0 a 8 puntos. Realizaranse dúas probas na 1ª e na 2ª avaliación, e un exame final , dividido en dúas partes, na 3ª. <i>Non se poderá aprobar cunha nota por debaixo de 3 no apartado de exames.</i>	80% da nota final
LECTURAS	Programarase un libro de lectura para cada avaliación . A demostración da lectura, mediante un control escrito ou oral con preguntas sobre o argumento, ou ben un traballo sobre o libro, será indispensable para superar a materia .	10% da nota
TRABALLO, PARTICIPACIÓN E COMPORTAMENTO	Valorarase o traballo diario, a realización das tarefas, a limpeza e claridade no caderno e o bo uso do material escolar; o esforzo por mellorar, a participación e as actitudes respectuosas. Valoraranse negativamente a non realización das tarefas, as actitudes que impidan ao resto dos compañeiros unha aprendizaxe axeitada, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área. Con cada valoración negativa descontarase -0,1 e por cada positivo sumarase +0,1 , ata un máximo de 1 punto por avaliación.	10% da nota
<p>A cualificación final de cada avaliación será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.</p> <p>A nota final obterase da puntuación acadada na derradeira avaliación, así como da progresión do alumno ou alumna durante o curso académico. A nota será numérica.</p>		

OBSERVACIÓNS:

- *A avaliación pretende valorar o esforzo e o traballo diarios polo que será **continua e formativa**, polo tanto **non hai recuperacións por avaliación** e os contidos vistos en cada trimestre poderán ser materia de exame na avaliación seguinte.*
- *Nas probas escritas baixarase **0,10 por falta de ortografía e presentación-expresión** ata un máximo de 2 puntos. Nos controis de lectura escritos, así como nos traballos, descontarase **0,10 por faltas graves** ata un máximo de 0,5 puntos.*

- *Ao longo do curso o alumnado poderá ter que realizar traballos individuais ou en grupo cuxo tema será proposto pola profesora, quen informará tamén da avaliación e puntuación dos mesmos.*

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Os alumnos e alumnas que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final do mes de xuño serán avaliados en setembro a través dunha proba escrita e dun control de lectura.

PROBA ESCRITA: versará sobre os contidos vistos ao longo do curso. A profesora entregará no mes de xuño, xunto co boletín de notas, a relación de contidos de lingua e de literatura que serán obxecto de avaliación na convocatoria de setembro. Esta proba suporá o 90% da nota final.

CONTROL DE LECTURA: os alumnos terán que ler con carácter obrigatorio un libro de lectura marcado pola profesora do que serán avaliados a través dun breve cuestionario sobre o seu argumento. Este control suporá un 10% da nota final.

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Os alumnos e alumnas que teñan a materia de Lingua Galega e Literatura pendente serán avaliados en base a:

- Caderno de traballo:** as actividades deberán estar correctamente realizadas e o propio caderno debe presentarse no prazo estipulado completo, limpo e organizado.
- **Probas parciais:** Para observar a evolución do alumno/a (a determinar segundo o traballo no caderno).
- **Probas finais:** Realizaranse dúas sesión de avaliación, unha ordinaria en xuño e outra en setembro, tendo lugar as probas no mes de maio e en setembro, respectivamente.
- **Cualificación.** O caderno de traballo será puntuado ata 1 punto e a proba escrita, ata 9 puntos.

Xove, 16 de setembro de 2015

A profesora,

Asdo. _____